



## Concello de Ortigueira

---

**Expte:** 791/2017

**Asunto:** Convocatoria proceso selectivo para ampliación de bolsa de emprego

**Procedemento:** Constitución de bolsa de emprego para a formación de brigadas de prevención e loita contra incendios

### RESOLUCIÓN

No ano 2016 tramitouse a correspondente convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego para a contratación laboral temporal para a formación das brigadas de prevención e defensa de incendios forestais, financiadas ao abeiro do convenio de colaboración suscrito coa Consellería do Medio Rural e este Concello para a prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020

As bases que rexen dita convocatoria establecían que se confeccionaría unha bolsa de emprego con vixencia ata o 31 de decembro de 2018.

Considerando necesario contar con dúas brigadas co fin de dar cumprimento ao convenio de colaboración suscrito coa Consellería do Medio Rural e este Concello, xa que este Municipio conta cunha grande superficie forestal e espazos públicos que son necesarios manter en boas condicións para evitar os risco de incendios, e no caso que estes se produzan, contar cos medios necesarios para a súa extinción.

Considerando que a bolsa de emprego para a contratación do persoal das brigadas debe garantir na medida do posible a formación das mesmas así como poder cubrir calquera vacante que se produza durante o servizo e que a actual bolsa non é suficiente para garantir estas circunstancias,

No uso das atribucións que me están conferidas, RESOLVO:

**Primeiro.-** Convocar un novo proceso selectivo para ampliar a bolsa de emprego para a contratación de persoal laboral temporal de peóns, peóns condutores e xefes para a formación de brigadas de prevención e extinción de incendios.

Este proceso selectivo rexeráse polas bases aprobadas polos Decretos desta Alcaldía número 430/2016, e 433/2016, e que constan como anexo a esta resolución.

**Segundo.-** O prazo de presentación de solicitudes será de CINCO DIAS NATURAIS contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución no no taboleiro de edictos (emprego publico) da sede electrónica do Concello de Ortigueira

**Terceiro.-** Os candidatos que superen o proceso selectivo integraranse na bolsa de emprego existente previa reorganización da mesma. Dita reorganización consistirá na ordenación, por orde de puntuación, de todos os aspirantes que houberan superado as probas en calquera das convocatorias, para o que os/as aspirantes que figuran na bolsa de emprego constituída por Decreto da Alcaldía 2017/480 deberán realizar e superar as probas físicas na presente convocatoria para poder continuar en dita bolsa de emprego. No resto das probas teráselles en conta puntuación obtida en calquera das convocatorias que sexa mais beneficiosa para o/a aspirante

**Cuarto.-** Dispoñer a publicación desta convocatoria no taboleiro de edictos

---

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536



## Concello de Ortigueira

---

electrónico e físico deste Concello de Ortigueira.

### ANEXO

#### **BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE PERSOAL PARA FORMAR AS BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS**

##### **PRIMEIRA: OBXECTO.**

O obxecto desta convocatoria é a creación dunhas listas de aspirantes a persoal laboral temporal como brigadistas de prevención, vixianza e defensa contra incendios forestais para a súa contratación, de ser o caso, neste ano 2018 sen prexuízo de que antes da súa contratación os aspirantes teñan que superar e acreditar os extremos requiridos no correspondente convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural e sempre que sexa posible a súa cobertura de conformidade cos requisitos esixidos pola normativa aplicable e previa acreditación no expediente da existencia de crédito adecuado e suficiente para esta finalidade.

Seleccionarase e confeccionarase tres listas de aspirantes: xefe de brigada, peón de brigada-condutor e peón de brigada.

As listas de aspirantes que se creen terán vixencia ata o 31 de decembro de 2018. Non obstante, a dita lista quedara anulada automaticamente se antes da finalización da súa vixencia se convoca un novo proceso selectivo e se aproban novas listas de aspirantes.

**SEGUNDA.- TRABALLOS A REALIZAR.-** Traballos de vixilancia e defensa contra os incendios forestais, labores encamiñadas a prevención que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse de conformidade co establecido nos Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Ortigueira

Os membros da brigada deberán ter plena dispoñibilidade (incluíndo domingos, festivos, quendas de noite, segundo as necesidades do servizo).

##### **TERCEIRA: MODALIDADE DE CONTRATO E XORNADA DE TRABALLO.-**

Con carácter xeral, a contratación realizarase a través da modalidade de contrato de obra ou servizo, cunha xornada de corenta horas semanais, prestadas de luns a domingo, cos descansos que establece a lei. O horario será fixado polo Servizo de Incendios da Xunta de Galicia ou pola Alcaldía

**CUARTA : RETRIBUCIÓN.-** Os traballadores percibirán as retribucións previstas no Convenio reguladora das condicións do persoal laboral do Concello de Ortigueira

**QUINTA: PERIODO DE PROBA.-** De conformidade co disposto no artigo 14 do Estatuto dos Traballo, establececese un período de proba de quince días laborais.

**SEXTA: REQUISITOS.-** Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

##### **Todos os aspirantes:**

- Ter nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ó emprego público de conformidade co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.

---

## Concello de Ortigueira



## Concello de Ortigueira

---

- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo para o que se opta;
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades Locais, nin estar incapacitado nin inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

### **Para o posto de xefe de brigada:**

Ademais dos requisitos anteriores:

a) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesión equivalente.

b) Permiso de conducir B

### **Para o posto de peón condutor**

Ademais dos requisitos para todos os aspirantes deberá estar en posesión do permiso de conducir B

O cumprimento dos requisitos anteriores entenderanse referidos ao último día do prazo de presentación de instancias.

**SÉTIMA: PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.-** As persoas que desexen tomar parte nesta convocatoria deberán presentar a solicitudes, segundo modelo que figura no Anexo I destas bases, no prazo de CINCO DIAS NATURAIS contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro de edictos e na páx. Web do Concello de Ortigueira, facendo constar o posto ou postos aos que desexan optar e que coñecen e aceptan as bases da convocatoria, acompañando á instancia os seguintes documentos:

a) Fotocopia do DNI.

b) Curriculum, achegando a documentación xustificativa dos méritos que se aleguen.

c) Posuir a capacidade funcional necesaria para o desempeño do posto. Acreditarase mediante informe médico no que se faga constar expresamente que o/a aspirante reúne as condicións físicas suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados como “Proba de aptitude física” nestas bases, ademais da situación médica de que non padece enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto. Son excluíntes as lesións de corazón, pulmón ou intestinais, os trastornos psicolóxicos, as incapacidades do aparato locomotor, as enfermidades infecciosas e a obesidade. Nas mulleres tamén será excluínte o embarazo. A cegueira e a xordeira son igualmente causas de exclusión.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou Emprego Público, nin estar inhabilitado para o

---

## Concello de Ortigueira



## Concello de Ortigueira

---

exercicio das funcións por sentenza firme.

e) Os nacionais dos demais Estados a que fai referencia o apartado a) deberán acreditar, ademais da súa nacionalidade e dos requisitos a que fan referencia os apartados anteriores, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública. Dita acreditación efectuarase mediante certificados expedidos polas autoridades competentes dos seus países de orixe.

f)) No seu caso, titulación esixida segundo a base sexta

g) No seu caso, permiso de conducir

As solicitudes poderán presentarse *nos rexistros electrónico ou presencial do Concello de Ortigueira ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,*

No caso de presentarse a solicitude por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, será requisito indispensable que a documentación que se achegue estea cotexada. A tal efecto, de efectuarse a presentación por correo postal, estarase ao previsto no artigo 31 do Real Decreto 1829/1999, de 3 de decembro, polo que apróbase o Regulamento polo que regúlase a prestación dos servizos postais, en desenrolo do establecido na Lei 24/1998, de 13 de xullo, do Servizo Postal Universal e de Liberalización dos Servizos Postais. Neste caso, o/a aspirante deberá, ase mesmo, enviar por fax ao número 981402537 unha copia da instancia na que figure a data de presentación no rexistro correspondente, aos efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/as

### **OITAVA .-ADMISIÓN DE ASPIRANTES:**

Finalizado o prazo de presentación de instancias o Sr. Alcalde-Presidente do Concello, ditará resolución aprobando a lista provisional de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello

Concederase un prazo de dous días hábiles para reclamacións, se as houbese, e/ou para emendar os defectos de documentación.

Rematado o prazo de reclamacións expoñerase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, así como a composición da Xunta Cualificadora, indicando o día, hora e lugar en que esta realizarán as probas previstas nas presentes bases

### **NOVENA.- SELECCIÓN DOS ASPIRANTES.-**

A selección constará das seguintes fases:

**A) FASE DE CONCURSO,** na que se valorarán os seguintes méritos:

a) Experiencia profesional debidamente acreditada en traballos similares, en calquera das Administracións Públicas, 0,06 puntos por mes de traballo, hasta un máximo de 6 puntos

Para os efectos de xustificación de experiencia laboral, só serán valorados aqueles méritos que teñan a súa orixe nunha relación baseada nun contrato de traballo e xustificada de forma fidedigna mediante informe de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social acompañado dos correspondentes contratos ou certificado de servizos prestados

---

## Concello de Ortigueira



## Concello de Ortigueira

---

### b) Formación, hasta un máximo de 4 puntos

Por cursos, xornadas, seminarios ou congresos de formación e perfeccionamento realizados polos aspirantes, en calidade de alumnos, relacionados co posto de traballo a ocupar, e que fosen organizados ou impartidos polas Administracións Públicas ou Entidades particulares recoñecidas ao efecto por calquera Administración Pública. Para este último caso os aspirantes deberán aportar o documento acreditativo do recoñecemento ou homologación oficial do curso, xornada, seminario ou congreso. Cada curso será valorado 0,01 puntos hora. Non valoraranse os cursos cunha duración inferior a dez horas.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

### B)FASE DE OPOSICIÓN: máximo 15 puntos

A fase de oposición constará de tres exercicios,

**PRIMEIRO EXERCICIO.-** De carácter obrigatorio e eliminatorio: Consistirá nunha proba de aptitude física.

Proba de Banco: Antes da realización deste exercicio darase información detallada ós aspirantes do desenvolvemento e forma de valoración da proba a realizar. A tal efecto, os aspirantes deberán asinar unha declaración conforme ó seguinte modelo:

“- Que coñece e foi informado do desenvolvemento e forma de valoración da proba de aptitude física a realizar -a proba do banco-.

- Que, en consonancia e reiterando a instancia de participación xa presentada, declara baixo a súa responsabilidade

que reúne as condicións físicas e de saúde necesarias para a realización da proba de aptitude física -a proba do banco”

Consiste en empregar un banco de aproximadamente 40 cm para os homes e 33 cm para as mulleres, no que se subirá e baixará a razón de 90 movementos por minuto ( 22,5 veces/minuto) durante 5 minutos. O ritmo se marcará cun metrónomo. Unha vez finalizado a persoa repousará durante 15 segundos e tomarase o pulso. Cos datos da idade, peso (serán pesados in situ cunha báscula) e pulsacións obterase a capacidade aeróbica do aspirante.

Os aspirantes que non obteñan unha capacidade aeróbica igual ou superior a 40 quedarán eliminados do proceso selectivo. O exercicio puntuarase do seguinte xeito:

- Capacidade aeróbica entre 40 e 43: 5 puntos.
- Capacidade aeróbica entre 44 e 46 : 6 puntos
- Capacidade aeróbica de 47 ou máis: 7 puntos

**SEGUNDO EXERCICIO.-** De carácter obrigatorio e eliminatorio: Constará de dúas partes

Primeira parte

**Peón e peón-conductor.-**Exame tipo test de 20 preguntas con catro posibles respostas das que unha soa será verdadeira relacionadas cos temas do anexo I. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de trinta minutos. Cada

---

## Concello de Ortigueira



## Concello de Ortigueira

---

resposta correcta puntuarase con 0,2 puntos, e as respostas erradas penalizarán con 0,02 puntos. As respostas en branco non penalizarán. Será cualificada cunha puntuación de 0 a 4 puntos sendo necesaria para superala unha puntuación mínima de 2 puntos.

**Xefe de brigada.**-Exame tipo test de 40 preguntas con catro posibles respostas das que unha soa será verdadeira relacionadas cos temas do anexo I. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de corenta e cinco minutos. Cada resposta correcta puntuarase con 0,10 puntos, e as respostas erradas penalizarán con 0,02 puntos e as respostas en branco non penalizarán. Será cualificada cunha puntuación de 0 a 4 puntos sendo necesaria para superala unha puntuación mínima de 2 puntos.

Segunda parte: exame práctico obrigatorio e eliminatorio

Nun tempo máximo de 10 minutos os/as aspirantes deberán demostrar as súas habilidades e coñecementos profesionais na realización da proba estipulada ao seu efecto pola Comisión cualificadora, atendendo á categoría a desempeñar (xefe de brigada, peón de brigada-condutor ou peón de brigada). Será cualificado de 0 a 4 puntos, e será preciso alcanzar un mínimo de 2 puntos para superalo.

TERCEIRO - En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos básicos en lingua galega terán unha proba , que será cualificada como apto ou non apto.

Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do CELGA 2 ou equivalente para os postos de peon-condutor e peón e o Celga 3 para os postos de xefe de brigada

Se o tribunal o considera conveniente, poderá acordar a celebración dos tres exercicios da fase de oposición nunha mesma xornada, concedéndolles aos/ás opositores/as un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración deles, agás renuncia expresa, ou na xornada seguinte deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas

### **DECIMA: XUNTA CUALIFICADORA:**

A Xunta Cualificadora estará composta polos seguintes membros:

Presidente: Funcionario de carreira ou persoal laboral fixo da Administración Pública

Secretario: O da Corporación ou funcionario en quen delegue (con voz e sin voto)

Vogais: Catro funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo da Administración Pública, designados pola Alcaldía, un deles a proposta do Comité de Empresa

O Presidente, se o considerase necesario, poderá nomear técnicos co único fin do asesoramento da Xunta Cualificadora

Tódolos membros da Xunta Cualificadora, deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

Os membros da Xunta cualificadora deberán absterse de intervir, comunicándoo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28

---

## Concello de Ortigueira



## Concello de Ortigueira

---

da Lei 30/92, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo os aspirantes poderán recusar ós membros da Xunta Cualificadora cando nos mesmos concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade ca establecido no artigo 29 da Lei 30/92.

A Xunta Cualificadora estará facultada para a interpretación das presentes Bases, así como para resolver por maioría de votos dos membros presentes as dúbidas que xurdan da aplicación das normas contidas nestas e determinará a actuación procedente nos casos non previstos. Os seus acordos só poderán ser impugnados polos interesados nos supostos e na forma establecida na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

### **DECIMO PRIMEIRO.- COMENZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS**

1. A data e hora na que deberá constituírse a Xunta Cualificadora aos efectos de valoración do concurso e elaboración das probas será determinada por resolución da Alcaldía, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos e a data da celebración das probas, publicándose no taboleiro de edictos do concello.

2.-Os aspirantes serán convocados para as probas en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non compareceran a realizalo, salvo os casos debidamente xustificados que serán resoltos motivadamente pola Xunta Cualificadora.

3.-Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo da Xunta Cualificadora, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos mesmos.

4.-En calquera momento a Xunta Cualificadora poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa identidade

5.-A orde de actuación dos aspirantes iniciárase de conformidade coa resolución do 3 de febreiro de 2016 pola que se fai público o resultado do sorteo ó que se refire o Regulamento de Selección de Persoal da Administración da Comunidade Autónoma; dita orde de actuación empezará por aqueles nos que o primeiro apelido empece pola letra "G" (DOG número 19 de 26 de xaneiro de 2018)

6.- Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento da Xunta Cualificadora que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propoñer ó Sr. Alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas ós efectos procedentes.

### **DÉCIMO SEGUNDA.-CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS**

1.-A cualificación final obterase sumando a puntuación obtida na fase de concurso e na fase de oposición.

2.-No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta :

1º.- A puntuación obtida na proba practica do segundo exercicio da fase de oposición

2º.- A puntuación obtida no primeiro exercicio da fase de oposición (probas físicas)

3º.- A puntuación obtida por experiencia laboral da fase de concurso

---

## Concello de Ortigueira



## Concello de Ortigueira

---

4º- A puntuación obtida por formación da fase de concurso

5º.- Por sorteo que se realizará en presenza dos interesados

4-Concluído o proceso selectivo previstas na fase de oposición, a Xunta Cualificadora fará pública, no taboleiro de anuncios do Concello, a relación de aspirantes con indicación da puntuación obtida A acta do tribunal de selección elevarase á Alcaldía

O Alcalde formalizará o correspondente contrato de traballo co respectivo aspirante, por orde de maior puntuación, a medida que se produza unha vacante de posto de traballo nos servizos a que se refire a cláusula primeira, ata que se realice nova convocatoria.

No caso de que un aspirante fose chamado en tres ocasións para cubrir vacantes e de que non aceptase o posto en ningún dos casos (sen que alegase causas xustificadas), pasará ao final da lista.

O/a aspirante contratado/a realizar un recoñecemento médico para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. De non superar o recoñecemento médico declarase o/a aspirante decaído do seu dereito á contratación procedendo a súa baixa de xeito inmediato

Igualmente os/as aspirantes seleccionados deberán realizar un curso teórico-practico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas (tal e como figura no convenio entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Ortigueira) Este curso será obrigatorio, aínda que os compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores e deberán superalo para continuar co contrato.

### **DÉCIMO TERCEIRA.-APORTACIÓN DE DOCUMENTOS POLOS ASPIRANTES**

Os aspirantes seleccionados presentarán dentro do prazo de tres días naturais contados a partir da publicación do resultado da selección e en todo caso, previo a firma do correspondente contrato, os documentos acreditativos dos requisitos esixidos na convocatoria e que non presentasen xunto coa solicitude e o certificado médico ou certificado de aptitude expedido por mutua autorizada acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do correspondente posto de brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

Os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

### **DECIMO CUARTA.-CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES**

As bases desta convocatoria vinculan á Administración Municipal, a Xunta cualificadora e aos aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.





## Concello de Ortigueira

---

### DECIMO QUINTA.-RECURSOS

Contra a aprobación destas bases poderán interpoñerse os recursos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación da Xunta Cualificadora poderán ser impugnadas polos interesados ante o órgano da xurisdición contencioso-administrativa competente, conforme á Lei 29/1998 reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses, contados dende a data do día seguinte da última publicación. Ase mesmo poderá presentarse o recurso potestativo de reposición ante o órgano que as aprobou, no prazo de un mes a contar dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que se considere procedente, conforme ao establecido na Lei 30/92, do 26 de novembro, Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

**DECIMO SEXTA:** No non previsto nestas bases estarase ao disposto na lexislación vixente que resulte de aplicación e, especialmente, ao disposto no Estatuto dos Traballadores.

### ANEXO I

#### MODELO DE INSTANCIA

D/Dona ..... con D.N.I.  
nº ..... con  
endereço .....  
.....  
C.P. ....  
Localidade .....  
Teléfono .....

#### EXPÓN:

Que tendo coñecemento da Convocatoria do proceso selectivo para os postos para a formación das brigadas contraincendios .

E declarando explicitamente coñecer e aceptar as Bases reguladoras da Convocatoria, e cumprindo os requisitos de acceso establecidos en ditas bases

Apórtase a tal efecto a seguinte documentación cotexada:

Fotocopia D.N.I.

Fotocopia permiso de conducir, de selo caso

Fotocopia titulación, de selo caso

Documentación acreditativa de méritos

#### SOLICITA:

Sexa admitida esta instancia para participar no proceso selectivo referido para os postos de:

(sinalar ao que se desexa optar)

-Xefe de Brigada

-Peón condutor

-Peón

En Ortigueira a . \_\_\_\_\_ de xullo de 2016

---

### Concello de Ortigueira



## Concello de Ortigueira

---

Asdo.:.....

Anexo II Temario

### **Peón condutor e peón**

Tema 1. A defensa contra os incendios forestais en Galicia. Estrutura, organización e competencias. A defensa contra incendios forestais a nivel municipal.

Tema 2. Os incendios forestais. Factores que interveñen nos incendios e na súa propagación.

Tema 3. Prevención contra os incendios. Accións de prevención. Ferramentas.

Tema 4. Accións básicas de extinción. Ataque directo e indirecto. Máquinas e ferramentas e extinción.

Tema 5. Equipos de protección individual e medidas de seguridade

### **Xefe de Brigada**

Tema 1.-O municipio: concepto e elementos. O termo municipal. A poboación: competencias municipais. Coñecemento do municipio de Ortigueira

Tema 2.-Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (modificada pola Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia).

Tema 3.-Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.

Tema 4.-Orde do 13 de marzo de 2009 sobre aprobación dos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Tema 5.-O Plan de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA).

Tema 6.-Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal.

Tema 7.-Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal.

Tema 8.-A defensa contra incendios forestais en Galicia. Os distritos forestais. A rede de radio. Os sistemas de comunicacións. A transmisión de datos dun lume.

Tema 9.-Lume forestal e o seu comportamento. O ataque directo e indirecto. Os tendidos de manguera. Coordinación do binomio cuadrilla- vehículo autobomba. A dirección de extinción.

Tema 10.-Sistemas de detección e comunicación. Extinción de incendios forestais: técnicas de extinción, primeiro ataque e ataque ampliado, o contralume. Retardantes. Medios, vehículos, maquinaria e aeronaves na extinción de incendios. A coordinación de medios aéreos.

Tema 11.-Prevención. Accións sobre o territorio. Infraestruturas defensivas. Accións sobre a poboación.

Tema 12.-Seguridade e prevención de riscos. A seguridade persoal e a prevención de accidentes."

---

## Concello de Ortigueira



## Concello de Ortigueira

---

### **O Alcalde**

Documento asinado dixitalmente á marxe

---

### Dilixencia de Secretaría

No exercicio das funcións de fe pública que me atribúe o artigo 3.2. e) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, poño esta dilixencia para facer constar que a presente resolución foi incluída no Libro Oficial de Resolucións deste Concello na data da miña sinatura. Esta dilixencia non presupón informe xurídico favorable ou desfavorable do seu contido.

O Secretario

Asinado dixitalmente ao marxe